



Katixa Agirre  
Uxue Apaolaza  
Uxue Alberdi  
Nerea Loiola  
Jon Kortazar  
Aiora Sampedro



Marilar Aleixandre  
Álex Alonso  
Camilo Franco  
Diego Giráldez  
Rexina Vega  
Iolanda Zúñiga  
Xaquín Núñez Sabarís



Eva Díaz Riobello  
Munir Hachemi  
Dionisio López  
Layla Martínez  
Elena Medel  
Sara Mesa  
Luna Miguel  
Alejandro Morellón  
Elvira Navarro  
Irene Reyes-Noguerol  
Julia Viejo  
Guadalupe Nieto Caballero



Manuel Bivar  
Joana Bértholo  
Cláudia Andrade  
Carla Pais  
Sandro William Junqueira  
Djaimilia Pereira de Almeida  
Frederico Pedreira  
Rui Manuel Amaral  
Miguel Filipe Mochila



Salvador Company  
Cristina García  
Jordi Masó  
Biel Mesquida  
Albert Pijuan  
Raquel Ricart  
Maite Salord  
Tina Vallès  
Jaume C. Pons Alorda

**SUROESTE: revista de literaturas ibéricas**

N.º 13. BADAJOZ, 2023

suroesterevista@gmail.com

C/ Virgen de Guadalupe, 7

06005 BADAJOZ

Director

ANTONIO SÁEZ DELGADO

Consejo de Redacción

LUIS MANUEL GASPAR

JAVIER GONZÁLEZ DE DURANA ISUSI

GABRIEL MAGALHÃES

MIGUEL FILIPE MOCHILA

CATALINA PULIDO CORRALES

JAVIER RODRÍGUEZ MARCOS

Consejo Asesor

ELOÍSA ALVAREZ

FERNANDO PINTO DO AMARAL

JUAN MANUEL BONET

JORDI CERDÀ

PERFECTO CUADRADO FERNÁNDEZ

MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ GARCÍA

ANTÓNIO CÂNDIDO FRANCO

MIGUEL ÁNGEL LAMA

MARTÍN LÓPEZ-VEGA

VÍCTOR MARTÍNEZ-GIL

JOÃO DE MELO

XAQUÍN NÚÑEZ SABARÍS

SANTIAGO PÉREZ ISASI

EDUARDO PITTA

ÁLVARO VALVERDE

Ilustraciones

SANDRA CARVALHO

Encartes

UNAI SAN MARTÍN

ALEJANDRO CALDERÓN

Diseño

LUIS COSTILLO

Maquetación

MAXIMILIANO ROJAS

Editan

**JUNTA DE EXTREMADURA**

CONSEJERÍA DE CULTURA, TURISMO, JÓVENES Y DEPORTES

SECRETARÍA GENERAL DE CULTURA

EDITORIA REGIONAL DE EXTREMADURA

**FUNDACIÓN GODOFREDO ORTEGA MUÑOZ**

Depósito Legal: BA-634-2023

I.S.B.N. 978-84-9852-771-8

Imprime: TECNIGRAF

**SUROESTE CONSIDERARÁ LOS ORIGINALES RECIBIDOS,  
PERO NO MANTENDRÁ CORRESPONDENCIA SOBRE ELLOS  
NI SE COMPROMETE A SU PUBLICACIÓN.**



FUNDACIÓN  
ORTEGA MUÑOZ

**JUNTA DE EXTREMADURA**

Consejería de Cultura, Turismo, Jóvenes y Deportes

**Índice**  
**NARRATIVA BREVE**

**GUADALUPE NIETO CABALLERO**

El cuento en el ámbito castellano:  
entre tradición y modernidad **7**

**EVA DÍAZ RIOBELLO**

Berenice **11**

**MUNIR HACHEMI**

EXTERMINIO un esquema del horror **17**

**DIONISIO LÓPEZ**

Las puertas **20**

Velocidad de los pasillos **21**

**LAYLA MARTÍNEZ**

El don de mi familia **22**

Hoguera que todo lo consume y alimento  
que todo lo sacia **25**

**ELENA MEDEL**

Un acuerdo al respecto **27**

**SARA MESA**

Sin tonterías **34**

**LUNA MIGUEL**

Puto Íñigo Errejón **39**

**ALEJANDRO MORELLÓN**

Pájaros que cantan el futuro **43**

**ELVIRA NAVARRO**

La lavadora **46**

**IRENE REYES-NOGUEROL**

Petit rat **50**

**JULIA VIEJO**

El ayuno **54**



**MIGUEL FILIPE MOCHILA**

Bruxas e curandeiros. Uma antologia da  
narrativa portuguesa actual **59**

**MANUEL BIVAR**

A Charca **65**

**JOANA BÉRTHOLO**

Big Splash **69**

**CLÁUDIA ANDRADE**

Ter Sorte **73**

**CARLA PAIS**

O Pé a Trazer a Inutilidade da Vida **76**

**SANDRO WILLIAM JUNQUEIRA**

A Imprevisibilidade É o Demónio Disfarçado de  
Palavra Comprida **80**

**DJAIMILIA PEREIRA DE ALMEIDA**

O Senhor dos Póneis **83**

**FREDERICO PEDREIRA**

O Mundo de um Homem Feliz e o Mundo de um  
Homem Infeliz **85**

**RUI MANUEL AMARAL**

História de Uma Ideia **89**

Gralhas **90**

Somos o Juguete do Destino **91**

O Que Pode Acontecer **92**

A Máquina de Shelley **93**

**XAQÚIN NÚÑEZ SABARÍS**

O conto na literatura galega de hoxe **97**

**MARILAR ALEXANDRE**

Estes feirantes **101**

**ÁLEX ALONSO**

Casa encantada **104**

**CAMILO FRANCO**

Frasco de nervios **108**

**DIEGO GIRÁLDEZ**

A besta commovedora **111**

**REXINA VEGA**

De cal de nós as dúas é o reflexo? De cal, a  
sombra? Diario do niño baleiro **114**

**IOLANDA ZÚÑIGA**

Control de inventario **119**

**JON KORTAZAR / AIORA SAMPEDRO**  
Una antología de escritoras vascas actuales **125**

**KATIXA AGIRRE**  
Invitados **135**

**UXUE APAOLAZA**  
De espaldas **144**

**UXUE ALBERDI**  
Todas las edades del ser humano **148**

**NEREA LOIOLA**  
Epicentro **154**

**JAUME C. PONS ALORDA**  
Elogi de la intensitat  
(narrativa breu en llengua catalana: una breu  
aproximació i una antologia) **161**

**SALVADOR COMPANY**  
Sobre el soterrar de l'Evelí **164**

**CRISTINA GARCIA**  
Confessional **167**

**JORDI MASÓ**  
Biografia de Severí Taverner **169**

**BIEL MESQUIDA**  
No cerquis el perseguidor **173**

**ALBERT PIJUAN**  
La història de la història del segrest perfecte **177**

**RAQUEL RICART**  
TEC-tec **179**

**MAITE SALORD**  
Àngela **181**

**TINA VALLÈS**  
El contrari d'una illa **184**

**MIGUEL ÁNGEL LAMA**

**CANDELAS GALA**

**MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ GARCÍA**

**GABRIEL MAGALHÃES**

**RAQUEL RODRÍGUEZ PARADA**

## O conto na literatura galega de hoxe

**O**s seis contos reunidos nesta escolma plurilingüe e ibérica que nos brinda a revista *Suroeste* constitúen unha mostra significativa da vitalidade e creatividade da narrativa breve galega actual.

Despois do vizoso rexurdir decimonónico, a consolidación da literatura en Galicia, a partir da segunda década do pasado século, débelle moito a este xénero. As narradoras e narradores que foron utilizando o galego como lingua de expresión cultivaron, case sen excepción e de maneira maxistral, o relato breve. A serodia inclusión do espazo urbano como motivo literario explicou unha atención más intensa —potenciada, ademais, polo ollar distanciado da emigración e o exilio americano— cara a temas e escenarios nos que predominaba a ambientación paisaxística e rural e os espazos —e con eles a lingua— que a imparable modernización comezaba a extinguir. A tradición oral era expresiva dun *volksgeist* e, sobre ela, os escritores galegos pretendían alicerzar a interrompida continuidade literaria. O folclore, os mitos, os imaxinarios colectivos, característicos dos relatos orais, incorpóranse ao conto literario, que se impregnará de historias fantásticas, de trasgos e lobishomes, de santas compañías e escenarios compostos de camiños tenebrosos e muíños intrigantes.

O conto en Galicia terá, xa que logo, unha notable importancia na construcción do seu sistema literario. O seu auxe verase tamén favorecido polo xurdimento das revistas culturais e dos suplementos literarios na prensa periódica, con boa acollida para as formas breves. A xeración *Nós* será un excelente exemplo de confluencia entre a expansión cultural deste período e a creatividade artística. O conto, nestes repertorios matriciais, centrábase, en grande medida, en temas que expresaban a singularidade popular e nos que se percibe esa saudade polo imparable tránsito do mundo rural ao urbano e a perda de modos de vida seculares. Isto motivou un atento ollar cara a profesións e actividades que esmorecían na modernidade e personaxes que se extinguían nunha época que xa non era a súa. Os contos de Vicente Risco (reunidos en *A traíxa de ouro e outros contos*, 2004) ou o libro de Otero Pedrayo, *Contos do camiño e da rúa* (1932) son unha evidencia deste ollar.

Ánxel Fole representa tamén esta perspectiva que asenta nunha herdanza narrativa de procedencia oral, nos contos á calor da lareira. *Á lus do candil* (1953) ou *Contos da néboa* (1972) recollen historias intrigantes, asaltos en camiños lúgubres e episodios misteriosos. Previamente, en 1926, Rafael Dieste reunira os seus relatos, publicados previamente na prensa, en *Dos arquivos do trasno*. Aínda que non teñen o protagonismo rural e lóbrego de Fole, hai unha importante presenza do máxico e do fantástico. Aparece tamén a Galicia que emigra ou mariñeira, como preludio dun exilio que será numeroso entre os escritores galegos deste período. O propio Dieste tivo que facelo no 1939 despois da caída do goberno republicano.

A emigración e o exilio tamén condicionaron a escrita de Eduardo Blanco Amor e Xosé Neira Vilas, cuxa mirada distanciada propicia a memoria da Galicia que deixaran atrás. De feito, o relato de aprendizaxe, protagonizado por

nenos, é unha constante que, como veremos, ainda continúa a ter moita puxanza na narrativa de hoxe. Xosé Neira Vilas deixou o legado dunha das obras máis lidas na literatura galega, *Memorias dun neno labrego* (1961), así como o libro de relatos, *Xente no rodicio* (1965), que recollen o mundo mísero e tráxico das aldeas galegas da súa infancia. Blanco Amor, pola súa vez, en *Os biosbardos* (1962) volve ao seu Ourense natal, que tamén —e tan ben— reflectiu nas novelas *A esmorga* (1959) e *Xente ao lonxe* (1972).

Un dos grandes fabuladores da literatura galega será o mindoniense Álvaro Cunqueiro, que creará un universo creativo moi propio, tanto na narrativa extensa como na breve, caracterizada polos elementos máxicos, marabillosos e insólitos. En *Xente de aquí e acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979) concédelle o primeiro plano a personaxes que representan paisanaxes ben singulares e situación insólitas.

O conto seguiu vixente entre os escritores contemporáneos, nados despois da guerra civil, e que cultivaron o conto en diversos momentos da súa actividade literaria, concedéndolle un apartado notable na súa traxectoria artística. Carlos Casares, entre a súa extensa obra narrativa, deixou libros de narrativa breve, como *Vento ferido* (1967) e Xosé Luís Méndez Ferrín reuniu os seus relatos en obras como *O crepúsculo e as formigas* (1962) ou *Arraianos* (1991). Entre os escritores actuais, que actualizaron e renovaron o conto, na liña do experimentalismo narrativo dos 90 —nun contexto no que a literatura galega xa se encontra más normalizada institucionalmente—, podemos sinalar a Suso de Toro (*Polaroid* – 1986), Marilar Aleixandre (*Lobos nas illas* – 1996) ou Manuel Rivas (*Que me queres amor?* – 1996).

Xa no século XXI, o relato segue gozando de vixencia, aínda que adaptado ás novas modalidades de divulgación e novos formatos. Os libros de contos colectivos, a publicación en revistas ou na rede —blogues ou web persoais— constitúen unha das frecuentes formas de difusión deste xénero. Presenta trazos singulares, en liña coa escrita posmoderna, na que terá unha presenza notable a narración fragmentada, a interacción nun único discurso de voces narrativas diversas, as formas hiperbreves, as expresións neo-fantásticas, a pegada dixital ou a interacción con outras artes (música, cinema, televisión...). *Por conto alleo* (2003) ou *Palabras contadas* (2006), de Camilo Franco, *Vidas post-it* (2007), de Iolanda Zúñiga, *Instruccíons para tomar café* (2014), de Manuel Núñez Singala, *Galería de saldos* (2016), de Diego Giráldez, *Á sombra dos bonsais* (2017), de Antón Riveiro Coello (publicados previamente no seu muro de Facebook), *Bonus track* (2018), de Rosalía Fernández Rial, *Relatos para televisión* (2019), de Xabier Cordal, ou *A parte fácil* (2023), de Ismael Ramos, evidencian os novos formatos e tipoloxías da narrativa breve.

A selección que agora presentamos está constituída por cinco contos inéditos —escritos específicamente para esta antoloxía— e un que foi publicado nunha plataforma dixital persoal. As escritoras e escritoras seleccionados, pertencentes a diferentes xeracións, constitúen unha mostra relevante e representativa da narrativa galega de hoxe.

Marilar Aleixandre ten unha extensa e recoñecida obra literaria. Dende a publicación de contos —como o mencionado *Lobo nas illas* (1996) e *O coitelo en novembro* (2010)—, ata novelas, libros infantís e xuvenís ou ensaios divulgativos. Destaca *Teoría do caos* (2001), coa que gañou o Premio Xerais de novela ou *As malas mulleres*, Premio Nacional de Narrativa en 2022. No conto que agora incorporamos, «Estes feirantes», outórgalle tamén o protagonismo a unha muller, Valentina, e ao mundo nómade dos feirantes, de xitanos e de colectividades que se invisibilizan nos ángulos mortos das nosas sociedades. Faino cunha técnica narrativa orixinal, na medida en que as distintas voces narrativas se amalgaman no discurso unitario do relato.

Álex Alonso obtivo en 2019 o Premio Torrente Ballester, de narrativa, coa novela *Granito*, un *true crime* sobre o asasinato nos anos 90 dun empresario vigués e da súa familia. No eido da narrativa breve, gañou en 2016 o Premio de narrativa curta Ánxel Foley, con *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* e o mesmo galardón, en 2022, con *Bullying*. En 2023 vén de acadar o Premio de novela curta Lueiro Rey coa obra *O estranxeiro*. Con «Casa encantada» ofrécenos

un relato que se sitúa dentro da tradición más canónica do conto. Casas de infancia fantasmagóricas, recreadas polo recordo distanciado do adulto-neno narrador, que vai transitando entre o tempo actual do relato e a memoria da nenez. Finalmente, o fantástico irrompe para reflectir un mundo —o da súa aldea— que fuxiu e que fica afastado das coordenadas racionais e realistas do presente do narrador.

Camilo Franco, xornalista e escritor, cultivou de maneira sobranceira o relato, tanto na súa dimensión breve como hiperbreve, en obras como *Por conto alleo* (2003) ou *Palabras contadas* (2006). Na actualidade mantén unha plataforma e aplicación dixital *Piso Franco*, na que inclúe pezas breves ensaísticas, críticas e creativas. Deste portal está extraído o conto que incorporamos, «Frasco de nervios», a fin de visibilizar os novos mecanismos e estratexias de divulgación da creación literaria e de interacción cos lectores, aportando tipoloxías de lectura multimodais. Se este xénero encontrou un camiño fértil de publicación na prensa periódica das primeiras décadas do XX, agora as posibilidades da rede serán un canal sumamente eficaz para o conto e o microconto.

Franco, neste relato, remóntase ao Ourense dos últimos anos da ditadura e, nunha temática frecuentemente abordada na literatura galega, retrata ese tránsito do rural ao urbano dos homes feitos a si mesmos, dende a pobreza á prosperidade, dende a dureza da aldea ás comodidades da cidade. O choque xeracional entre o protagonista e a familia irán incrementándose a medida que se sucede a narración.

Diego Giráldez tamén combina a actividade creativa coa xornalística. Debutou na narrativa cun libro de relatos, *Galería de saldos* (2016), que completou con diversos libros colectivos e con dúas novelas, *Hotel para colecciónistas discretos* (2019) e *O meu sangue* (2022). En «A besta commovedora» dálle voz a un rapaz, a través de quen observamos á súa nai. A medida que o relato avanza fanse evidentes as feridas desta muller e a súa vitalidade, que ten tanto de forte como de auto-destrutiva. Como pano de fondo vai emerxendo a violencia machista, que se coa na aparente tranquilidade cotiá da relación materno-filial. Atenúa a dureza que asombra toda a historia coas notas líricas, propiciadas polas referencias á música e ao cinema.

A relación entre nai e filla é tamén abordada por Rexina Vega no conto que presentamos «De cal de nós as dúas é o reflexo? De cal, a sombra?», cunha innovadora fórmula, a modo de dietario. A síndrome do niño baleiro, a rapaza que marcha, a relación a distancia, o día a día tinxido pola fuxida da meniña que se foi —en todos os sentidos da expresión—. Vega combina a súa actividade creativa coa de tradución e investigación, sendo especialista na obra de Álvaro Cunqueiro e autora de relatos que divulgou sobre todo en libros colectivos —como organizadora e autora—. Participou, igualmente, na antoloxía oulipiana, *Textos Potentes*, integrada por escritores das diversas lenguas do estado, e é tamén autora de novelas, como *Cardume* (2007) —Premio Xerais— ou *O estado intermedio* (2020), novela na que explora o elemento onírico e fantástico.

Ioanda Zuñiga foi unha voz que irrompeu con forza no panorama literario galego. Con *Periferia* (2010), novela ambientada nas difíciles condicións de vida do extrarradio de São Paulo, acadou o Premio Xerais. Tamén se dedicou ao relato, en *Vidas Post-it* (2007) cunha técnica narrativa innovadora e facendo bandeira dunha forte mirada social, que se detén en vidas fragmentadas ou quebradas.

Nestes momentos interrompeu a súa actividade creativa, que alzou para ofrecer este conto «Control de inventario», no que presenta unha realidade pouco abordada ata agora literariamente: a vida nas residencias de anciás que retrata cunha dureza sen concesións, aínda que non exenta de humor e ironía.

Contar, relatar, idear e escoitar historias. Somos humanidade, na medida que somos *homo narrans*, o punto de partida da actividade creativa, da ficción nas súas diferentes ramificacións. Dende o inicio dos tempos aos fragmentados e dispersos mundos de hoxe.

Na literatura galega o relato foi e segue sendo un xénero indispensable. En Galicia a afeción por contar e oír contos supuxo unha liña de resistencia da lingua, en momentos nos que desaparecería calquera pegada na escrita. Cando as historias comenzaron a pórse en papel, xa fose de revistas ou libros, o conto non deixou de ter un senlleiro protagonismo, gozando áinda dunha robusta vitalidade na actualidade.

Conto, relato, minificación, narracións en doses breves; de modesta extensión, pero de incalculable ambición creativa e literaria.